

Concello de Lalín

Contratación

ADDENDA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O BISPADO DE LUGO PARA A REPARACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE VILATUXE EE 276/2018

Con data 23 de marzo de 2018 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O BISPADO DE LUGO PARA A REPARACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE VILATUXE EE 276/2018

Apreciados erros materiais no texto do convenio dáse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 12 de marzo de 2018 punto núm. 15 de subvención nominativa concedida ao Bispado de Lugo para a realización de obras de reparación na Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe. Tendo en conta o informe da Interventora Accidental de data 28 de marzo de 2017, no que informa que o importe a que ascende a subvención prevista nominativamente no orzamento municipal prorrogado para o ano 2018 para as obras de reparación da Igrexa Parroquia de Vilatuxe ascende a 7.000 euros e non 7.500 euros como figura no acordo.

En base a elo comparecen na casa consistorial do Concello de Lalín o día 16 de abril de 2018, aos efectos de formalizar a presente Addenda de modificación ao contrato:

Por unha banda, Don Rafael Cuíña Aparicio, con DNI núm. 76.814.913-L na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola outra, Don Eliseo García Sanmartín, con DNI núm. 33.771.454-W, cura párroco da parroquia de San Lourenzo de Vilatuxe, en representación da Diocese de Lugo, co CIF: R2700002 E, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a presenta Addenda de modificación ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O BISPADO DE LUGO PARA A REPARACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE VILATUXE, de data 23 de marzo de 2018.

Segundo.- Corrixir os erros materiais apreciados no contrato de data 23 de marzo de 2018, quedando redactado do seguinte xeito:

E. Aparicio

L

K


M

O

CONVENIO
Número: 2018-0002 Data: 16/04/2018



Cod. 6C-1W33TEG43KJESH7RCMQR1KT | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Lalín Km Cero

Contratación



Concello de Lalín

Onde di:

(...)

QUINTA: Para a execución do presente convenio o **Concello de Lalín** aporta a cantidade de **7.500 €**, sendo posible, neste convenio, a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade. (...).

Debe dicir:

(...)

QUINTA: Para a execución do presente convenio o **Concello de Lalín** aporta a cantidade de **7.000 €**, sendo posible, neste convenio, a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade.(...).

Terceiro.- Todo o contido do convenio asinado en data 23 de marzo de 2018 e non modificado pola presente Addenda seguirá tendo validez nos termos dispostos no mesmo, incluída a vixencia do convenio.

Despois da dar lectura á presente Addenda ao contrato, os outorgantes reafírmanse e ratifícanse no seu contido, asínano por triplicado e para un só efecto, do que, como Secretario xeral, dou fe.

César López Arribas
Secretario
(Asinado electronicamente á marxe)

Rafael Cuiña Aparicio
Alcalde
(Asinado electronicamente á marxe)

Por parte do Bispado de Lugo

Eliseo García Sanmartín

CONVENIO

Número: 2018-0002 Data: 16/04/2018



Cod. Verificación: BCHM331EG43KJESH7RCMQRTKT | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xeslona esPublico | Páxina 2 a 2